RAPSODIA EN AGOSTO

1858

Akira Kurosawa, 1991

ESTREA EN NUMAX: 05.11.2026 | V.O.S.E.

Fonda reflexión sobre o holocausto nuclear de Nagasaki desde o punto de vista dunha superviviente e os seus catro netos. Entre sorrisos e bágoas, a avoa lembra a historia da súa familia e da sociedade xaponesa do seu tempo, tentando comprender mellor o pasado e o presente.

O pase, incluído no ciclo "Filmes contra a guerra", contará coa presentación do cineasta galego Xoan Fernández Diz de quen proxectaremos o vídeo-ensaio "Para matar a guerra" (2021, 16 min).

Título orixinal: Hachigatsu no kyôshikyoku
Ano: 1991
Duración: 93 minutos
Idioma orixinal: Xaponés
Dirección: Akira Kurosawa
Guión: Akira Kurosawa, Kiyoko Murata
Elenco: Sachiko Murase, Hisashi Igawa, Narumi Kayashima, Tomoko Ôtakara, Mitsunori Isaki, Toshie Negishi, Hidetaka Yoshioka, Chôichirô Kawarasaki, Mieko Suzuki, Richard Gere
Montaxe: Akira Kurosawa
Son: Kenichi Benitani
Música: Shinichirô Ikebe
Fotografía: Takao Saitō, Masaharu Ueda
Produtora: Kurosawa Production Co., Feature Film Enterprise II, Shochiku (Xapón)

PREMIOS E FESTIVAIS
Cannes 1991 (Sección Oficial)



RAPSODIA EN AGOSTO

Akira Kurosawa, 1991

EUROPA CINEMAS
Creative Europe MEDIA

Na distancia está a conexión

Catro netos pasan o verán coa súa avoa preto de Nagasaki, mentres os seus pais visitan a un irmán desta que vive en Hawai. Durante estes días os rapaces, que roldan a adolescencia, non se fan ao estilo de vida humilde da avoa, pero quedan enredados nas súas visións e recordos do pasado. Toman conciencia do que supuxo para ela ter que criar aos seus fillos (os pais deles) sen a compañía do avó, que era mestre e pereceu calcinado cos seus alumnos baixo o fungo nuclear.

Rapsodia en agosto é unha película das distancias. O seu tema é a distancia no tempo -45 anos- entre o lanzamento da bomba e a desmemoria que parece enterralo para todos excepto para as vítimas, xa vellas. O curso da película é o percorrido desde a ignorancia supina ata o recoñecemento e a homenaxe que fan os netos aos seus avós; ao que morreu e á que soubo sobrevivir á peor das calamidades. É o camiño da aprendizaxe, que vai trazando con man trémula unha muller moi anciá que parece estar a saltar o abismo que conduce ao lado da demencia, do máis aló, do estar ido. Con todo os seus recordos vagos, quiméricos quizais, son tomados en serio polos seus netos, que os mesturan coa fantasía e o medo infantil ás fantasmagorías que aínda queda neles. Ese carácter ilusorio e segmentado dos recordos que a avoa ten dos seus irmáns é un nexo inesperado entre ela e uns netos que parecían habitar un planeta distinto ao seu. Os pais dos rapaces, a xeración intermedia, están con todo na marxe dos feitos, non comprenden nin respectan seriamente á súa nai, e aínda que iso a ela non parece importarlle xa, sobran un pouco neste mundo do hoxe de agosto que é o onte de 1945 no que ela e os netos parecen instalarse con emoción e complicidade.

A distancia é tamén Clark, o sobriño americano, fillo do seu irmán de Hawai, que sorprende á familia polo seu inmenso respecto aos caídos e arrepentimento culpable pola bomba lanzada antes de nacer el. Ademais percorre os miles de quilómetros que separan a súa illa e Nagasaki só por estar o día da terrible efeméride. De novo, na distancia está a conexión. E se é a distancia o que se sente como a clave de intelixibilidade de *Rapsodia en agosto*, é pola elección de posta en escena de Kurosawa, distinta a case todo o que lle temos visto. Contemplamos a historia desde unha distancia, como "distantes observadores", que diría Nöel Burch. O núcleo da película, que son as secuencias que concitan a avoa e netos, está rodada en planos secuencia totalmente imperceptibles porque a cámara está lonxe, a unha distancia case teatral, e non hai máis movemento que algún mínimo reencadre que sexa necesario. As conversas, historias e recordos cóntanse ao completo e con absoluta naturalidade por catro actores adolescentes e unha actriz (Sachiko Murase) con 85 anos. O mesmo respecto distanciado hai nas escenas que mostran os diversos rezos no altar budista que puntúan a película, e o mesmo pasa cando os antigos nenos de Nagasaki chegan para facer a súa ofrenda como homenaxe aos que morreron naquela mañá de agosto.

Este espazo de reverencia e repouso só queda roto cando irrompe a natureza, enxordecéndonos co seu ruído, comunicando a tolemia da avoa co seu reflexo natural, que é a tormenta. O vello Kurosawa non puido resistirse ao golpe tempestuoso que en tantas outras películas súas marca os clímax. É unha norma do mestre que a natureza xulgue, ou que polo menos asista á resolución dos dramas do pasado ou as dificultades que non puideron liquidar os humanos por si sós.

Publicado en trendesombras.es